

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **9027**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a reapertura polo Goberno galego do centro de menores de Montealegre, en Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa súa xestión e funcionamento, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 15 de marzo de 2018. (10/PNC-000947).

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir o seguinte punto:

- Paralizar o procedemento de contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, consistente na Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 13:53:32

Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:53:41

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **26080**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento pola empresa concesionaria da autovía do Salnés das condicións laborais do persoal encargado do seu mantemento, así como a seguridade viaria das persoas usuarias, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 15 de marzo de 2018. (10/PNC-0002007).

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir na parte resolutiva un novo punto:

- Instar á Inspección de Traballo a intensificar a labor inspectora en materia de saúde e seguridade no traballo, comprobando o grao de aplicación nos distintos sectores e empresas da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e presentar ante o Parlamento de Galicia un Informe sobre dita labor investigadora.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira



Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 13:55:57

Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:56:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27928
Data envío: 14/03/2018 14:03:38.951

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, con número de rexistro **9207 (10/PNC-000947)**, que será debatida na Comisión 5ª, o vindeiro 15 de marzo de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto, co seguinte texto:

“- Proceder á suspensión inmediata da convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense publicado no Diario Oficial de Galiza o pasado 1 de marzo.”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27928
Data envío: 14/03/2018 14:03:38.951

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2018 13:56:03

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2018 13:56:09

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a reapertura polo Goberno galego do centro de menores de Montealegre, en Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa súa xestión e funcionamento (10/PNC-000947, doc. núm. 9027)

Emenda de adición

Débase engadir os seguintes parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Garantir que o centro de menores de Montealegre vai seguir tendo xestión pública, para o cal se procederá a paralización e supresión da *RESOLUCIÓN do 23 de febreiro de 2018* (publicada no DOGA do 1 de marzo de 2018) *pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas).*

Que sexa requisito imprescindible que o persoal que desempeñe as súas funcións no centro de menores de Montealegre sexa dependente da administración pública autonómica, así como que as intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa observación e avaliación real, a



Grupo Parlamentario

realicen persoas que estean en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora social.”

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 17:01:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 17:02:02

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento pola empresa concesionaria da autovía do Salnés das condicións laborais do persoal encargado do seu mantemento, así como a seguridade viaria das persoas usuarias (10/PNC-002007, doc. núm. 26080)

Emenda de adición

Débese engadir os seguintes parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), un informe sobre o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais nos traballos de mantemento da autovía do Salnés, que recolla no seu caso novas medidas preventivas orientadas a mellorar a seguridade dos traballadores e traballadoras que realizan este servizo.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Dotar e cubrir todas as prazas vacantes da Inspección de Trballo e da Seguridade Social, tanto no Corpo Superior coma no Corpo de Subinspectores.
2. Ampliar, mediante oferta pública, en número suficiente o número de funcionarios, tanto no Corpo Superior como no Corpo de Subinspectores, de maneira que poidan desenrolar con eficacia as tarefas que lle corresponden, e especialmente o control das condicións de seguridade laboral que a lei lles encomenda.

 Grupo Parlamentario

3. Esixir o cumprimento do Plan de prevención 2016-2020, dando participación no seu cumprimento efectivo nas empresas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados e delegadas de prevención.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 17:02:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 17:02:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **21294 (10/PNC-001751)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posta en funcionamento dunha residencia pública de atención a persoas maiores nas instalacións do CEIP Castelao, da parroquia de Belesar, no concello de Vilalba, así como a cobertura da demanda de prazas públicas de residencia e centro de día nese concello antes do ano 2020, que figura na orde do día da Comisión 5ª convocada para o vindeiro 15 de marzo de 2018.

Emenda de substitución

Emenda de substitución, substituír o punto 3 polo seguinte texto:

“Realizar todas as accións precisas para que o concello de Vilalba dispoña do número de prazas públicas, tanto de residencias para maiores como de centro de día, en número suficiente para atender a demanda da poboación do concello antes de 2020.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 09:51
Nº Rexistro: 27961

Data envío: 15/03/2018 09:51:34.106

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 09:50:12

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 09:50:18